



GRUPO MUNICIPAL



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

12 XULL. 2017

Entrada nº: 3484

Saída nº: .....

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a la dotación de medios e mellora da praia dos Areos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes presentamos unha moción na que propoñiamos a adopción dun plan de mantemento para mellorar o estado do mobiliario urbano, posto que estamos situados nun enclave privilexiado da ría de Arousa, con fermosas praias que serven na época estival como soporte para o ocio dos nosos veciños e para as numerosas persoas que nos visitan.

Queremos seguir avanzando nesta liña e por iso queremos propoñer ó Pleno unha aposta polo potencial da praia dos Areos. Porque as praias son lugares estratéxicos nos sistemas urbanos costeiros e en especial en aqueles que son receptores de turismo estival. O turismo é un sector económico punteiro.

Temos unha praia urbana con malos e poucos accesos para as persoas capacitadas e ningún para persoas discapacitadas. Temos unha praia na que os aliviadoiros da rede de sumidoiros están o aire, a vista de todos. A praia conta con duchas en mal estado.

E por elo, que solicitamos que ou Pleno adopte os seguintes

### ACORDOS:

- Mellora e reparación do mobiliario urbano do paseo marítimo.
- Instalación de novos accesos a praia, sendo estes adaptados para o uso por persoas discapacitadas.
- Instalación de novo mobiliario urbano, papeleiras, duchas ....
- Solucionar o problema do aliviadoiro da rede de sumidoiros.
- Acoutamento e delimitación da zoa de cans.

A Pobra do Caramiñal, a 09 de xullo de 2017.

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**